



ANEXO C
INFORME DE RESULTADOS
ACTIVIDADE DE TRANSFERENCIA TECNOLÓXICA

Nº DE PROTOCOLO: 12/059

1.- TÍTULO DA ACTIVIDADE:

Selección de liñas de pemento "tipo Arnoia" para o seu cultivo dentro da IXP Pemento de Arnoia.

2.- UNIDADE ADMINISTRATIVA DA CONSELLERÍA ORGANIZADORA/PARTICIPANTE:
(centro de investigación/CFEA/OAC...)

Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo.

3.- LOCALIZACIÓN DA ACTIVIDADE:

Enderezo:

Concello: Arnoia

Provincia: Ourense

4.- RESPONSABLE:

Tfno.: 881 881 801

Juan Fernando Castro Insua

5.- INTRODUCCIÓN:

O pemento de Arnoia dispón dunha IXP dende o 15.09.2012 ca publicación do Regulamento CE 510/2006 del Consejo. Nos últimos dous anos dende o Concello de Arnoia existe unha inquietude por poñer en valor esta marca de garantía poñendo de novo en funcionamento a cooperativa da zona e empezar a comercializar pementos dentro de esta marca de garantía.

Para o éxito deste proxecto compre por no mercado un produto homoxéneo e cas máximas garantías de calidade. O Centro de investigacións Agrarias de Mabegondo ten no seu banco de xermoplasma tanto poboacións orixinais como liñas melloradas de pemento de Arnoia (6 poboacións orixinais e 2 liñas melloradas). Pola súa parte o Concello de Arnoia aportou outras dúas poboacións orixinais denominadas Con-01 e Con-02. Mediante este campo de ensaio trátase de identificar entre tódalas liñas e poboacións aquelas que máis corresponden o fenotipo de pemento de Arnoia para ter semente de partida para seleccionar o cultivar que se comercialice a través da cooperativa.

O obxectivo principal do campo foi a caracterización morfolóxica das distintas liñas no seu ámbito natural de cultivo e seguindo técnicas tradicionais para seleccionar unha liña que se incorporará como material vexetal para a comercialización dos pementos dentro da IXP.

6.- MATERIAL E MÉTODOS:

A finais de marzo do 2012 sementáronse nos invernadoiros do Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo (CIAM) unhas 60 plantas por cada poboación orixinal e liñas seleccionadas do banco de xermoplasma do CIAM (Ar-25, Ar-35, Ar 45, Ar 55, Ar 65, Ar 330-05, Ar 274-05, Con-01 e Con-02). O 28 de maio se realizou o transplante no campo definitivo, establecendo tres repeticións por cultivar e dez plantas por repetición. O marco de plantación foi de 0,8 x 0,4 (3,2 plantas/m²). A labores realizadas durante o cultivo foron as tradicionais da zona.

Durante o cultivo se realizaron caracterización sobre froitos comerciais para establecer o fenotipo do pemento de Arnoia, resultando os parámetros medios os que reflexa a Táboa 1. O realizar o transplante do campo de unha forma tan serodia non se creu convinte realizar recollida de datos de produción pois estes resultarían sesgados. Se realizou unha observación periódica de cada unha das plantas das liñas para seleccionar aquelas que correspondía as características de pemento de Arnoia, para proceder posteriormente o seu marcado como plantas nais, das que se colleitaron os seus froitos vermellos para a obtención de semente.

Táboa 1.- Valores medios de froitos comerciais do fenotipo pemento de Arnoia

Cor	Forma froito	Lonxitude froito (cm)	Ancho froito (cm)	Peso froito (g)	Espesor parede froito (mm)	Forma ápice froito	Nº lóculos	Lonxitude placentas (mm)
100% verde	87,5% Acampanulado i en bloque 12,5% triangular	10,9	6,6	108,2	4,1	62,5% Fundido y puntudo 25% Romo 12,5 % Fundido	62,5% 4 37,5% 3	25,2

7.- ANÁLISE DE RESULTADOS:

Os resultados acadados nos campos de ensaio permitiron definir o pemento de Arnoia como un pemento de cor verde, forma acampanulada i en bloque, con ápice fundido e puntudo e maioritariamente con catro lóculos. En canto a caracteres cuantitativos os froitos seran de 105 a 130 g de peso, 10 a 12 cm de longo, 6 a 8 cm de ancho e 4 lóculos.

O fenotipo característico do pemento de Arnoia pódese ver nas figuras 1 e 2.



Figura 1.- Fenotipo pementos comerciais cultivar Arnoia.



Figura 2.- Corte transversal e lonxitudinal de fenotipo do cultivar Arnoia.

8.- RESUMO E CONCLUSIÓNS:

O análise dos datos recollidos durante a realización dos campos permitiron definir a tipoloxía de pemento do cultivar Arnoia, así como seleccionar as liñas que corresponden a estes fenotipos, liña 274-05 e 330-05 do banco de xermoplasma de Mabegondo e liña Con-02 procedente do Concello de Arnoia. Os mellores pementos vermellos destas liñas foron colleitados para a extracción de semente (Figuras 3,4 e 5), en traballos posteriores sería necesario realizar unha nova presión de selección dentro das tres liñas suliñadas para quedarse definitivamente con unha soa liña da que obteríamos a semente de pre-base.



Figura 3.- Liña 274-05



Figura 4.- Liña 330-05



Figura 5.- Liña Con-02

9.- DATA E SINATURA DO RESPONSABLE:

Mabegondo 20 de Decembro de 2012.



Asdo. Juan Fernando Castro Insua.